

hai 15 horas | [Cultura](#)

Un feixe de citas para celebrar a Rosalía

Redacción | [@prazapublica](#)

"Rosalía viviu libre e campá aínda libre arredor de nós, é unha sombra clara que nos anima a vivir en liberdade sempre". Este domingo a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) celebrou en Bonaval a súa tradicional homenaxe a Rosalía de Castro con motivo do día dedicado á poeta, o 24 de febreiro, data de nacemento da autora. Precisamente a AELG é a responsable da organización dunha parte destacada dos actos que esta semana celebrarán a efeméride. Pero por todo o país concellos, deputacións, entidades culturais e centros de ensino levan a cabo programacións dedicadas a Rosalía.

Este mesmo luns a **Deputación de Lugo inaugurou a exposición “Airiños, aires... Rosalía”** do fotógrafo Xurxo Lobato, que vai ser visitable ata o 30 de marzo na Sala de Exposicións da Deputación. Destaca tamén a iniciativa da Deputación da Coruña, que a través da súa área de Cultura, **pon este luns en libre circulación catro novas imaxes de Rosalía de Castro creadas para a ocasión por catro deseñadoras: Uqui Permui, Aurora Cascudo, Aldara Prado e Paula Mayor.**

En Ourense, o mesmo día 24 de febreiro ás 18 horas, o Grupo RosalAuria comezará a celebración do Día de Rosalía no fondo da rúa Rosalía de Castro, onde comeza a pasarela do Miño pola beira do barrio da Ponte. **O obxectivo é retomar a iniciativa de solicitar que a rúa dedicada á escritora teña a súa prolongación na pasarela que une as dúas partes da cidade.** Trátase dunha pasarela moi transitada e coñecida pola cidadanía, que non ten nome e que desemboca precisamente na rúa que leva o nome de Rosalía que, pola contra, é case descoñecida en Ourense. O acto iniciárase no lugar acordado coa colocación dun cartel co nome da rúa, o recitado de poemas e reparto de poemas de Rosalía entre o público asistente. O acto continuará coa colocación doutro cartel no outro extremo da pasarela, con novo recitado e reparto, para finalizar na entrada do centro comercial Ponte Vella.

AGAL, pola súa banda, lanza o evento *Rosalía é Mundial*, no que se anima a elixir

entre 18 video-poemas con textos de Rosalía ^{de Rosalía} Vale con diferentes sotaques. [Pódense ver e escoitar no Portal Galego da Língua](#) e votar simplemente dándolles un *gústame* en youtube.

Así mesmo, ao longo das últimas semanas en todos os centros de ensino do país viñeron desenvolvéndose actividades, **como por exemplo o *Mobiliza Rosalía* organizado pola AELG**. Trátase do envío masivo e simultáneo dun verso de Rosalía desde os terminais móbiles do alumnado e do profesorado dos centros, a través das redes sociais, baixo a etiqueta #mobilizarosalía. O verso -do poema IV de *Cantares gallegos*- é *Trocando en sonrisas / queixiñas e choros*. De momento, 83 colexios e institutos de toda Galicia confirmaron a súa adhesión á iniciativa.

Outros actos no 24 de febreiro

- **Lugo.** 12.30: Lectura pública da obra de Rosalía organizada pola AELG. Centro Ocupacional Aspnaís (Rampa de Claudio López)
- **Compostela.** 11.15: Alborada e ofrenda floral a Rosalía na estatua da Alameda en Compostela. Organizada pola Fundación Rosalía de Castro co Concello de Compostela e a Consellería de Cultura e Educación.
- **Boiro.** 20.30: Na Librería Nobel (Rúa Poeta Manuel María, 10), a A. C. Barbantia organiza unha lectura pública e presentación do libro *Historia do meu corpo en labaradas*, de Rosa Enríquez.
- **Ordes.** 10.30: Na aula de formación situada na rúa Xoxardo, a Mancomunidade de Ordes ten prevista unha charla e mesa de traballo na que se afondará na importancia de Rosalía de Castro como promotora da igualdade de dereitos entre homes e mulleres.
- **A Estrada.** 20.00: No MOME (Museo do Moble e da Madeira), o Concello da Estrada celebrará o Día de Rosalía de Castro acompañado por mozas e mozos dos colexios e institutos do concello así como do grupo Cantar a Mares.
- **Ames.** 20.00: Na Casa da Cultura de Milladoiro, o Concello de Ames organiza un concerto coas actuacións de Xiana Lastra e Leo Arremecaghona
- **Bueu.** 20.00; Na sala Amalia Domínguez Búa levarase a cabo un recital poético aberto.
- **O Rosal.** 19.30: Acto da Concellaría de Cultura na Biblioteca Municipal
- **A Coruña.** 12.00: Na Biblioteca Provincial a Deputación organiza unha lectura colectiva pública e participa activamente a través das redes sociais coa etiqueta #mobilizaRosalía

27 de febreiro

- **Ribadeo.** 20.30: No Cine-teatro do Concello de Ribadeo, peza teatral Daquelas

que cantan a cargo do grupo de Teatro da A.C. Vagalume e posterior Concerto de Puntada sen fío.

- **Ponteareas.** 18.00: O Concello de Ponteareas renderá unha homenaxe institucional a Rosalía de Castro a través da ofrenda floral que se depositará baixo a placa da rúa que leva o seu nome. Ás 19:00 horas, o Auditorio Reveriano Soutullo acollerá a actividade “Rosalía Total”, coa participación de grupos infantís e xuvenís cantando a Rosalía con distintos ritmos musicais
- **Ames.** O departamento de Normalización Lingüística organiza a excursión “Ruta Rosaliana. Visita á Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón”, con motivo da celebración do día do nacemento da escritora.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

Martes 24, Febreiro 2015 | [Cultura](#)

[Por todo o país, #EusonRosalía](#)

Luns 24, Febreiro 2014 | [Cultura](#) |

[É 24 de febreiro, #EuRosalía](#)

Domingo 24, Febreiro 2013 | [Cultura](#)

["Que todos saiban que hoxe a gaita galega non chora, que canta"](#)

8 DE MARZO ▼ Xoves 23, Febreiro 2012 | [Cultura](#) |

["Rosalía era a voz dos silenciados, das maltratadas, da lingua, era a voz que falaba por todos"](#)